

RESOLUCIÓN DA XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DE A CORUÑA POLA QUE SE CONVOCA PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE INTERNA PROVISIONAL AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL 5ª DO DECRETO 206/2005, E DO ACORDO DE 29 DE OUTUBRO DE 2010 SOBRE MOBILIDADE INTERNA DE PRAZAS VACANTES EN ATENCIÓN PRIMARIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA.

Con data 29 de outubro de 2010 foi asinado un Acordo entre a entón Xerencia de Atención Primaria da Coruña e as Centrais Sindicais CCOO, CESM-SATSE, CIG, CSI.F, OMEGA, SAE e UXT co obxecto de regular os procesos de mobilidade interna de carácter provisional de prazas vacantes puras na XAP da Coruña, en desenvolvemento da Disp. Adic. 5ª do Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

O presente proceso, que ten por obxecto abrir un prazo específico de presentación de solicitudes de conformidade co punto 4ª do Acordo de Mobilidade interna, rexeráse polas bases desta convocatoria, polo Acordo do 29 de outubro de 2010 e polo Decreto 206/2005 do 22 de xullo.

BASES

- 1 Ábrese un prazo de 10 días naturais (**dende o día 6 de outubro de 2015 ata o día 15 de outubro de 2015**) ambos inclusive, para que os interesados poidan presentar as súas solicitudes.

Nº prazas	Categoría	Centro de Saúde	Quenda
1	Médico de Familia	Fisterra	M
2	Médico de Familia	Casa do Mar	M
1	Médico de Familia	Matogrande	M
1	Médico de Familia	Labañou	T
1	Médico de Familia	Labañou	M
3	Médico de Familia	San Xose (A)	M
1	Médico de Familia	Bergondo	M
1	Médico de Familia	Coiros	M
1	Médico de Familia	Camariñas	M
1	Médico de Familia	Carballo	M
1	Médico de Familia	PAC Ponteceso	Pac
1	Médico de Familia	PAC Cee	Pac
1	Pediatra A.P.	Cambre	T
1	Pediatra A.P.	Elviña Mesoiro	M
1	Pediatra A.P.	Os Rosales	D
1	Pediatra A.P.	Ventorrillo	T
1	Pediatra A.P.	Oleiros-Sta Cruz-Mera	D
1	Pediatra A.P.	Betanzos	D



1	Pediatra A.P.	Carballo-Malpica	M
1	Pediatra A.P.	Muxia-Dumbria	M
1	Pediatra A.P.	A Laracha	M
1	Pediatra A.P.	Vimianzo	M
1	Pediatra A.P.	Cabana-Laxe	M
1	Enfermaria AP	Carballo	M
1	Enfermaria AP	Cambre	M
1	Enfermaria AP	Labañou	T
1	Enfermaria AP	Rosales	D
2	Enfermaria AP	Ventorrillo	M
1	Enfermaria AP	Camariñas	M
1	Enfermaria AP	Oleiros-Perillo	T
1	Enfermaria AP	San Xose B	M
1	Enfermaria AP	Oleiros-Sta Cruz	M
1	Enfermaria AP	Montealto-A Torre	M
1	Enfermaría AP	PAC Carballo	Pac
1	Enfermaría AP	Casa Mar	T
1	Enfermaría AP	PAC Casa do Mar	PAC
1	Celador	Vimianzo PAC	PAC
2	Aux. Aactivo	EOXI A Coruña	M
1	PSX	Casa do Mar PAC	PAC

- O baremo aplicable está no Anexo I do Acordo de mobilidade interna provisional de 29/10/2010. Avaliaranse todos os méritos achegados durante o prazo de presentación de solicitudes ata o día anterior á convocatoria da praza ofertada.
- Admitirase a retirada do proceso ou renuncia por parte dos interesados no prazo de presentación de solicitudes ata a mesma data da adxudicación da praza ofertada pasando a ser adxudicada ao aspirante seguinte en puntuación obtida, sen ningún tipo de penalización.
- A Solicitudede cómpre realizala a través do FIDES no modelo habilitado ó efecto. Esta solicitudede deberá imprimirse e presentarse xunto co resto da documentación acreditativa no rexistro correspondente.
- Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución provisional de admitidos e excluídos fronte a cal os interesados poderán formular reclamacións no prazo de 5 días hábiles. Transcorrido o dito prazo aprobarase a relación definitiva de admitidos e excluídos e procederase a baremación das solicitudes.

- 6 Feita a baremación publicarase a resolución provisional coa puntuación acadada por cada participante, fronte a cal os interesados poderán formular alegacións nun prazo de 5 días hábiles. Finalizado o dito prazo a Xerencia ditará resolución definitiva coas prazas acadadas polos aspirantes, fronte o cal se poderá interpor recurso de alzada perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.
- 7 Esta resolución e as sucesivas publicacións inseriranse no taboleiro de anuncios da Xerencia, no FIDES e no ESPAZO DO PROFESIONAL.
- 8 A permanencia na praza obtida será ata que se proceda a súa cobertura por calquera dos procedementos legalmente establecidos (concurso de traslados, OPE, amortización/reconversión de praza). E de non ser así, ós dous anos a persoa acoplada terá a posibilidade de optar por volver á súa praza orixinal ou seguir acoplada ata a finalización do proceso.

Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso de alzada perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Sergas no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios desta Xerencia, de acordo co previsto no artigo 114 e ss. da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico da Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común.

A Coruña, a 6 de outubro de 2015

O Xerente da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña



Asdo.: Francisco José Vilanova Frága